

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Emprego

Bases reguladoras específicas para a subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020. "Ferrol Cidade Viva"

ANUNCIO

Bases reguladoras específicas para a subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020. "FERROL CIDADE VIVA"

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o 27/07/2020, adoptou o acordo de aprobar as Bases reguladoras específicas para a subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020. "FERROL CIDADE VIVA", que se transcriben de seguido:

Bases reguladoras específicas para a subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020. "FERROL CIDADE VIVA"

Datos da subvención

Denominación	Subvención de actividades de reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020.
Aplicación orzamentaria	02104-2411-48000
Importe total	150.000 €
Importe máximo subencionable	25.000 € / entidade
Importe solicitado	Ata o 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coficiente de financiamento	Até o 0,80

Base 1.- Liñas xerais

O Concello de Ferrol establece dentro das súas prioridades apoiar todas aquelas actividades e actuacións dirixidas á reactivación e promoción económica da cidade priorizando os sectores comerciais, hostaleiros, pequenos-marisqueiros, así como os mercados.

Así mesmo, considera de especial interese promocionar e incentivar a cultura emprendedora na cidade como mecanismo rexenerador e reactivador da economía local.

Base 2.- Réxime xurídico

O marco normativo desta convocatoria está constituído polas seguintes leis e disposicións legais que se nomean a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así como cantas outras normas legais ou regulamentarias, conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de produciren efectos no devandito ámbito:

Lei 7/1985, do 2 e abril, reguladora das bases de réxime local e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións xunto co RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Bases de execución do orzamento municipal prorrogado

Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP núm. 200, do 21 de outubro de 2019)

Base 3.- Obxecto

Ten por obxecto establecer as normas específicas, no marco da Ordenanza Xeral de Subvención deste Concello (BOP núm. 200 de 21/10/2019), polas que se rexerá a convocatoria pública, en concorrencia competitiva, das axudas e subvencións dirixidas á reactivación e promoción económica do Concello de Ferrol para o ano 2020.

Para este fin establécese as seguintes liñas de axuda:

Liña 1	Actividades de dinamización da oferta comercial, hostaleira e dos mercados , que estimulen a compra no comercio local, a consolidación do sector hostaleiro e a súa revitalización e modernización a través de novas formas de venta e promoción, así como o apoio á revitalización dos mercados municipais como referente do comercio de proximidade e quilómetro cero.
Liña 2	Actividades de promoción e comercialización das capturas pesqueiras/marisqueiras co obxecto de promocionar o produto autóctono, a súa distribución e o seu consumo local.
Liña 3	Actividades de fomento do emprendemento , destinadas á promoción da cultura emprendedora así como a formación e asesoramento de iniciativas emprendedoras.

Cada entidade só poderá solicitar axudas dentro dunha única liña

3.1.- Gastos subvencionables:

1. Eventos, campañas e actividades dirixidas a:

- Promocionar e/ou incentivar o uso dos servizos dos sectores subvencionados
- Dinamizar a oferta existente para fidelizar o uso dos servizos nas distintas zonas comerciais da cidade fronte ás grandes superficies.
- Apoiar as liñas de comercialización e promoción de produtos de calidade que permitan o seu asentamento no mercado local.
- Promoción de produtos ou eventos identificativos da zona e que contribúan á promoción económica e dinamización da cidade.

2. Cursos de formación, xornadas, exposicións ou similares dirixidos a mellorar a calidade dos servizos e a formación dos profesionais dos sectores.

3. Edición de material promocional da cidade para o seu uso no comercio/hostalería/mercados/comercialización de produtos:

- a. Reedición de material promocional xa existente do Concello de Ferrol
- b. Edición de novo material

(Exemplos: bolsas comercio, manteles hostalería, cartas de produtos...)

- 4. Edición de material de difusión das actividades: cartelería, materiais de imprenta, publicidade en medios, etc.
- 5. Materiais funxibles precisos para a realización da actividade.
- 6. Alugueiros de medios e recursos directamente relacionado co desenvolvemento da actividade subvencionada.
- 7. Gastos de xestión/organización/coordinación vinculado ao desenvolvemento da actividade: cunha limitación de até un máximo do 30% do importe subvencionado por actividade.
- 8. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.
- 9. Aqueles gastos subvencionables cuxos importes sexan superior a 3.000€ previamente deberán solicitar alomenos 3 ofertas a distintos provedores seleccionando a oferta máis económica.

3.2.- Gastos non subvencionables:

Quedan excluídas desta convocatoria e polo tanto non poderán ser obxecto de axuda as seguintes actividades:

- Actividades xa subvencionadas dende o Concello de Ferrol a través de calquera outra convocatoria ou procedemento de colaboración.
- Actuacións de carácter puntual que non estén vinculadas á memoria da actividade subvencionada.
- As viaxes de ocio e os gastos de manutención realizados polo persoal das entidades.
- As actividades de carácter confesional
- As festas, agás aquelas que teñan como obxectivo a promoción e dinamización económica da zona.
- Os gastos corrientes de funcionamento das entidades/asociacións.

Aquelas que teñan un carácter discriminatorio ou non favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Calquera outra actividade que a criterio da Comisión de Avaliación non contribúa á finalidade desta convocatoria.

Base 4.- Financiamento

O financiamento destas axudas efectuaranse con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2020:

- **Aplicación orzamentaria: 02104-2412-48000**

- **Importe total: 150.000€**

O importe total do importe das axudas distribuírase do seguinte xeito:

Importe máximo de subvención	Número mínimo de activ. solicitadas	Importe máximo subvencionable por entidade	Período de execución das actividades
Até o 80% dos gastos subvencionables	Mínimo solicitude de 2 actividades por entidade	25.000,00 €	Anualidade 2020

Base 5.- Entidades solicitantes, requisitos e obrigas para solicitar a subvención:

5.1.- Solicitantes:

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións, sen ánimo de lucro, relacionadas co comercio, coa hostalería, co sector pesqueiro-mariscador, cos mercados de Ferrol e coas asociacións empresariais con ámbito de actuación no Concello de Ferrol e que cumpran os requisitos desta convocatoria.

5.2.- Requisitos:

Para ser beneficiarias das axudas, as ditas entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

Estar legalmente constituídas como tales, sen ánimo de lucro, e figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Ferrol (declaración modelo solicitude)

Cumprir os requisitos desta convocatoria

Non contravir o regulado nos artigos 13 e 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Estar ao corrente das súas obrigas tributarias (estatal e local) e coa Seguridade Social.

Ter o domicilio fiscal no Concello de Ferrol ou desenvolver as súas actividades no termo municipal de Ferrol.

5.3.- Obrigas:

As entidades beneficiarias das subvencións outorgadas nesta convocatoria deberán cumprir as obrigas previstas no art. 10 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Tendo en conta que a tramitación será telemática a entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente ao que se dirixirán as comunicacións.

Base 6.- Solicitude

6.1.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación

presentación:	deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: https://www.ferrol.gal/Sede
Prazo:	10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se poderán descargar na web do Concello de Ferrol e deberán acompañarse da documentación complementaria.

Cada entidade só poderá solicitar axudas dentro dunha única liña.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

Documentación:**a) Solicitude (segundo modelo) que inclúe:**

- Declaración responsable de que a entidade está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadás do Concello de Ferrol.
- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Declaración responsable onde se sinala que cumpre co establecido no art. 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que tamén financien a actividade subvencionada (indicando, de ser o caso, importe e procedencia).

b) Documentación complementaria:

- (*)Copia da tarxeta do NIF da entidade
 - (*)Copia dos estatutos da entidade
- (*) No caso de que esta documentación xa esté no órgano xestor da subvención non será necesario entregala, agás que se produxera algún cambio. En caso de non presentar a dita documentación achegará unha declaración xurada de que a documentación existente non sufriu variación ningunha.
- Certificado cos seguintes extremos:
 - o Acordo de solicitude da subvención por parte da entidade.
 - o Nomeamento do representante para a relación da entidade co Concello
 - o Número de socios activos na entidade.
 - o Compromiso de facer constar a colaboración do Concello de Ferrol en toda a publicidade e difusión das actividades subvencionadas.
 - o Compromiso de obter licenzas/autorizacións preceptivas para o desenvolvemento das actividades.
 - Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal:
<https://www.ferrol.gal/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>
 - Acreditación mediante documentos orixinais de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa AEAT. Co Concello de Ferrol revisarase de oficio por parte da unidade tramitadora.
 - Cadro de valoración (segundo modelo)
 - Memorias-actuacións (segundo modelo).

Base 7.- Tramitación e valoración das solicitudes

O Negociado de Promoción Económica, órgano instructor do procedemento, encargárase de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

No caso de que a documentación presentada fose incorrecta ou insuficiente, daráselle á entidade solicitante un prazo de 10 días hábiles para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndoselle saber que, no caso de incumprimento entenderase que desiste da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015.

A comisión de valoración encargárase da avaliación das solicitudes de acordo cos criterios establecidos na convocatoria e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma.

Para estes efectos a Comisión de valoración estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatísta e Edusi ou concelleiro/a en que delegue.
- Vocais: Un representante de cada un dos grupos municipais do Concello de Ferrol.
- Asistencia técnica: un técnico municipal da concellería de Emprego.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz pero sen voto): personal funcionario do negociado de Promoción Económica.

A valoración das solicitudes realizarase de conformidade cos seguintes **criterios de valoración**:

Criterios de valoración	Puntuación máxima (100 puntos)
Número de actividades solicitadas	15
Impacto previsto, % de asociados que esta previsto que participen nas actividades	15
Nivel de cofinanciamento da entidade	10
Establecemento de mecanismos de avaliación de resultados (enquisas de avaliación, formularios web...	5
Desenvolvemento de actividades relacionadas coa aplicación de novas tecnoloxías ao sectores económicos	15
Coherencia técnica do proxecto: nivel de adecuación entre a programación e os obxectivos da convocatoria (cronograma)	15
Contribución ao desenvolvemento económico sostible e a redución do impacto medioambiental.	5
Grao de innovación e creatividade do proxecto	10
Realización de actividades que fomenten o consumo de produtos e/ou servizos en pemes locais	10

Cando unha entidade presente varias actividades deberá indicar a prioridade dunhas sobre outras.

A inconcreción da actuación ou falta de detalle do gasto das actividades non será valorada e, polo tanto, non subvencionable. A entidade beneficiaria deberá asumir unha porcentaxe mínima de cofinanciamento (20%).

Asignarase a puntuación máxima a aquelas solicitudes que presenten a proposta máis elevada de cada un dos criterios obxectivos de valoración e reducirase proporcionalmente as ditas puntuacións para as propostas restantes.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase logo da consideración das actividades que se van realizar ponderando os criterios de valoración descritos anteriormente.

Base 8.- Resolución e notificación

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concurrencia competitiva e será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas notificaranse aos interesados de conformidade co disposto no art. 40 da Lei 39/2015 e publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol (na súa versión dixital e física) así como na BDNS.

A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan relizarase de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 9.- Xustificación e pagamento

9.1.- Prazo da xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 31 de xaneiro de 2021

No caso de que a documentación xustificativa fora incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Transcorrido o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición, ditando resolución que deberá ser notificada á entidade beneficiaria.

9.2.- Pagamento anticipado, réxime xurídico

Realizarase o pago anticipado do 50% do importe concedido, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención:

O 50% restante do importe concedido aboarase trala xustificación total da subvención, incorporando ao exercicio seguinte o importe pendente.

O importe a xustificar será o 100% do gasto executado (importe de subvención + importe de cofinanciamento).

No caso de que o importe xustificable sexa unha cantidade inferior á que se deba xustificar, o importe que aboará o Concello de Ferrol establecerase mediante unha proporción.

No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 50% en cada unha das actividades subvencionadas, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha nas ditas actividades.

O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

□ Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención con-
corrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da
resolución da concesión.

9.3.- Documentación xustificativa

As entidades beneficiarias deberán presentar **obrigatoriamente** a documentación xustificativa por **medios electrónicos**
a través da Sede Electrónica do Concello de Ferrol: <https://www.ferrol.gal/Sede>

A documentación a presentar será a seguinte:

- **Unha memoria por cada actividade subvencionada:**

- o Deberá vir asinada e será xustificativa do cumprimento do obxecto da subvención concedida indicando, cando
menos:

- As actividades realizadas (datas, lugares, descrición das mesmas...)
- Persoas beneficiarias
- Zona de influencia (comercial/hostaleira)
- Resultados obtidos
- Soporte fotográfico de cada evento.
- Relación de negocios/empresas participantes nas actuacións subvencionadas.
- No caso de formación achegaranse partes de asistencia.

- Facturas orixinais polo importe total da subvención concedida, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei
38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento). Poderase xustificar con copia compulsadas
sempre que previamente se inclúa no orixinal a seguinte dilixencia, asinada polo responsable:

“Dilixencia: En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención
da subvención de Promoción Económica do Concello de Ferrol do ano 2020. Ferrol Cidade Viva”

- Xustificantes de pagamento das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil
ou con eficacia administrativa (No caso do pagamento por transferencia bancaria: xustificante bancario; no caso do paga-
mento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón, no caso de transferencia electrónica xustificante impreso
co selo da entidade e extracto). En todo caso, sempre deberá vir perfectamente identificado o gasto e a súa corresponden-
cia coa factura ou documento de valor probatorio.

- Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, o seu
importe, a data de emisión, e no seu caso, a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento
da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS). Segundo (**ANEXO I**).

- Declaración responsable sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra
administración pública ou de particulares ou de entidades privadas (**ANEXO II**)

- Designación da conta bancaria na que se efectuarán os ingresos, segundo as normas establecidas pola Tesourería
Municipal:

<https://www.ferrol.gal/arquivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

- Certificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter tributario, da Seguridade Social e dos
tributos municipais. Aquelas subvencións nas que a contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o
importe de 3.000€ a presentación de declaración responsable poderá substituírse a estas certificacións.

- Probas do cumprimento das obrigas de publicidade a través da achega de documentos gráficos nos que conste a
colaboración do Concello de Ferrol en toda información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixeran relacionadas
coas actividades subvencionadas.

- Declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o art. 13 da
Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones e do art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións
de Galicia (**ANEXO IV**)

Forma de presentación da documentación xustificativa:

A documentación xustificativa deberá presentarse de forma organizada

1º.- Documentación xenérica:

Declaracións (anexos II e IV)

Certificacións de estar ao corrente nas obrigas

Número de conta da entidade (modelo Tesouraría municipal)

2º.- Documentación específica:

Para cada actividade subvencionada:

Memoria xustificativa (asinada)

Anexo I (relación de facturas, ...)

Facturas ou documentos de valor probatorio

Xustificantes de aboamento

Probas de cumprimento das obrigas de publicidade

Base 10.- Revogación (perda do dereito ao cobro) e procedemento de reintegro de subvencións

Producirase a revogación do acto de concesión válidamente adoptado, coa conseguinte perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia de algunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, así como as que se contemplan no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

O procedemento de reintegro realizarase polo disposto no artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003 (LGS) e nos art. 91 e seguintes do RD 887/2006, así como no art. 31 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Base 11.- Obrigas das entidades beneficiarias

As obrigas das entidades beneficiarias, ademais das reguladas nesta convocatoria, as recollidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no RDL 887/2006, na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol.

Base 12.- Autorizacións administrativas

A entidade colaboradora encargárase de conseguir calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes, incluída a municipal, para a realización das actividades obxecto desta convocatoria e será, así mesmo, a única responsable do seu cumprimento.

Base 13.- Uso da lingua galega e dunha linguaxe non discriminatoria

As comunicacións co Concello de Ferrol así como as difusións relativas ao obxecto desta convocatoria deberán realizarse en galego en cumprimento da Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, empregárase unha linguaxe non discriminatoria nin excluínte do xénero feminino.

Base 14.- Recursos e impugnacións

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven da mesma poderán ser impugnados polos interesados nos términos establecidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Disposición final

A participación na convocatoria suporá a aceptación destas bases reguladoras específicas.

Será de aplicación, en todo aquilo que non se regulase nestas bases, a Ordenza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP nº 200 de 21 de outubro de 2019) e no seu defecto, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (BOE nº 276, de 18 de novembro de 2003), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (DOG nº 121, de 25 de xuño de 2007), no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (BOE nº 176, de 25 de xullo de 2006) e demais normativa concordante e de pertinente aplicación.

Ferrol, 30 de xullo de 2020

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi.

Mª Teresa Deus Trasobares

ANUNCIO**Bases reguladoras específicas para la subvención de actividades de reactivación y promoción económica del Ayuntamiento de Ferrol para el año 2020. "FERROL CIDADE VIVA"**

O Pleno del Ayuntamiento, en sesión celebrada el 27/07/2020, adoptó el acuerdo de aprobar las Bases reguladoras específicas para la subvención de actividades de reactivación y promoción económica del Ayuntamiento de Ferrol para el año 2020. "FERROL CIDADE VIVA", que se transcriben a continuación:

Bases reguladoras específicas para la subvención de actividades de reactivación y promoción económica del Ayuntamiento de Ferrol para el año 2020. "FERROL CIDADE VIVA"**Datos de la subvención**

Denominación	Subvención de actividades de reactivación y promoción económica del Ayuntamiento de Ferrol para el año 2020.
Aplicación presupuestaria	02104-2411-48000
Importe total	150.000 €
Importe máximo subvencionable	25.000 € / entidad
Importe solicitado	Hasta el 80% del presupuesto de gastos subvencionables
Coficiente de financiamiento	Hasta el 0,80

Base 1.- Líneas generales

El Ayuntamiento de Ferrol establece dentro de sus prioridades apoyar todas aquellas actividades y actuaciones dirigidas a la reactivación y promoción económica de la ciudad priorizando los sectores comerciales, hosteleros, pequeros-marisqueros, así como los mercados.

Así mismo, considera de especial interés promocionar e incentivar la cultura emprendedora en la ciudad como mecanismo regenerador y reactivador de la economía local.

Base 2.- Régimen jurídico

El marco normativo de esta convocatoria está constituido por las siguientes leyes y disposiciones legales que se nombran a continuación y por sus normas de desarrollo, así como cuantas otras normas legales o reglamentarias, contengan prescripciones relativas a las subvenciones o sean susceptibles de producir efectos en dicho ámbito:

- Ley 7/1985, del 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local y RD 2568/1986, de 28 de noviembre por el que se aprueba el Reglamento orgánico de funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.
- Ley 5/1997, del 22 de julio, de administración local de Galicia
- Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones junto con el RD 887/2006, del 21 de julio, por el que se aprueba su reglamento
- Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia
- Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.
- Ley 40/2015, del 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público.
- Bases de ejecución del presupuesto municipal prorrogado
- Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol (BOP núm. 200, del 21 de octubre de 2019)

Base 3.- Objeto

Tiene por objeto establecer las normas específicas, en el marco de la Ordenanza General de Subvención de este Ayuntamiento (BOP núm. 200 de 21/10/2019), por las que se regirá convocatoria pública, en concurrencia competitiva, de las ayudas y subvenciones dirigidas a la reactivación y promoción económica del Ayuntamiento de Ferrol para el año 2020.

Para este fin se establecen las siguientes líneas de ayudas:

Liña 1	Actividades de dinamización de la oferta comercial, hostelera y de los mercados , que estimulen la compra en el comercio local, la consolidación del sector hostelero y su revitalización y modernización a través de nuevas formas de venta y promoción, así como el apoyo a la revitalización de los mercados municipales como referente del comercio de proximidad y kilómetro cero.
Liña 2	Actividades de promoción y comercialización de las capturas pesqueras/marisqueras con el objeto de promocionar el producto autóctono, su distribución y su consumo local.
Liña 3	Actividades de fomento del emprendimiento , destinadas a la promoción de la cultura emprendedora así como la formación y el asesoramiento de iniciativas emprendedoras.

Cada entidade sólo poderá solicitar ayudas dentro de una única línea.

3.1.- Gastos subvencionables:

10. Eventos, campañas y actividades dirigidas a:

- Promocionar y/o incentivar el uso de los servicios de los sectores subvencionados
- Dinamizar la oferta existente para fidelizar el uso de los servicios en las distintas zonas comerciales de la ciudad frente a las grandes superficies.
- Apoyar las líneas de comercialización y promoción de productos de calidad que permitan su asentamiento en el mercado local.
- Promoción de productos o eventos identificativos de la zona y que contribuyan a la promoción económica y a la dinamización de la ciudad.

11. Cursos de formación, jornadas, exposiciones o similares dirigidos a mejorar la calidad de los servicios y a la formación de los profesionales de los sectores.

12. Edición de material promocional de la ciudad para su uso en el comercio/hostelería/mercados/comercialización de productos:

- a. Reedición de material promocional ya existente del Ayuntamiento de Ferrol
- b. Edición de nuevo material

(Ejemplos: bolsas comercio, manteles hostelería, cartas de productos...)

- 13. Edición de material de difusión de las actividades: cartelería, materiales de imprenta, publicidad en medios, etc.
- 14. Materiais fungibles precisos para la realización de la actividad.
- 15. Alquileres de medios y recursos directamente relacionados con el desarrollo de la actividad subvencionada.
- 16. Gastos de gestión/organización/coordinación vinculados al desarrollo de la actividad: con una limitación de un máximo del 30% del importe subvencionado por actividad.
- 17. En ningún caso el coste de los gastos subvencionables podrán ser superiores al valor de mercado.
- 18. Aquellos gastos subvencionables cuyos importes sean superiores a 3.000€ previamente deberán solicitar al menos 3 ofertas a distintos proveedores seleccionando la oferta más económica.

3.2.- Gastos no subvencionables:

Quedan excluidas de esta convocatoria y, por lo tanto, no podrán ser objeto de la ayuda las siguientes actividades:

- Actividades ya subvencionadas desde el Ayuntamiento de Ferrol a través de cualquier otra convocatoria o procedimiento de colaboración.
- Actuaciones de carácter puntual que no estén vinculadas a la memoria de la actividad subvencionada.
- Los viajes de ocio y los gastos de manutención realizados por el personal de las entidades.
- Las actividades de carácter confesional
- Las fiestas, excepto aquellas que tengan como objetivo la promoción y dinamización económica de la zona.
- Los gastos corrientes de funcionamiento de las entidades/asociaciones.
- Aquellas que tengan un carácter discriminatorio o no favorezcan la igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres.
- Cualquier otra actividad que a criterio de la Comisión de Evaluación no contribuya a la finalidad de esta convocatoria.

Base 4.- Financiación

La financiación de estas ayudas se realizará con cargo a los presupuestos municipales del ejercicio 2020:

- **Aplicación presupuestaria: 02104-2412-48000**
- **Importe total: 150.000€**

El importe total de las ayudas se distribuirán de la siguiente forma:

Importe máximo de subvención	Número mínimo de activ. solicitadas	Importe máximo subvencionable por entidad	Período de ejecución de las actividades
Hasta el 80% de los gastos subvencionables	Mínimo solicitud de 2 actividades por entidad	25.000,00 €	Anualidad 2020

Base 5.- Entidades solicitantes, requisitos y obligaciones para solicitar la subvención:

5.1.- Solicitantes:

Podrán concurrir a esta convocatoria todas aquellas asociaciones, sin ánimo de lucro, relacionadas con el comercio, la hostelería, el sector pesquero-mariscador, con los mercados de Ferrol y con las asociaciones empresariales con ámbito de actuación en el Ayuntamiento de Ferrol y que cumplan con los requisitos de esta convocatoria.

5.2.- Requisitos:

Para ser beneficiarias de las ayudas, dichas entidades deberán cumplir los siguientes requisitos:

- Estar legalmente constituídas como tales, sin ánimo de lucro, y figurar inscritas en el Registro Municipal de Entidades del Ayuntamiento de Ferrol (declaración modelo solicitud)
- Cumplir con los requisitos de esta convocatoria
- No contravenir lo regulado en los artículos 13 y 14 de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones.
- Estar al corriente de sus obligaciones tributarias (estatal y local) y con la Seguridad Social.
- Tener el domicilio fiscal en el Ayuntamiento de Ferrol o desarrollar su actividad en el término municipal de Ferrol.

5.3.- Obligaciones:

Las entidades beneficiarias de las subvenciones otorgadas en esta convocatoria deberán cumplir con las obligaciones previstas en el art. 10 de la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol.

Teniendo en cuenta que la tramitación será telemática la entidad deberá disponer de una única dirección de correo electrónico de contacto durante toda la tramitación del expediente al que se dirigirán las comunicaciones.

Base 6.- Solicitud

6.1.- Presentación de solicitudes, plazo y documentación

presentación:	deberán presentarse obligatoriamente por medios electrónicos a través de la Sede Electrónica del Ayuntamiento de Ferrol: https://www.ferrol.gal/Sede
Plazo:	10 días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación del extracto de la convocatoria en el BOP de conformidad con el procedimiento establecido en el art. 20.8 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Las solicitudes deberán formularse en los modelos normalizados que se podrán descargar en la web del Ayuntamiento de Ferrol y deberán acompañarse de la documentación complementaria.

Cada entidad sólo podrá solicitar ayudas dentro de una única línea.

La presentación de la solicitud implica el conocimiento y la aceptación incondicionada de las presentes bases reguladoras.

Documentación:

a) Solicitud (según modelo) que incluye:

- Declaración responsable de que la entidad está inscrita en el Registro Municipal de Entidades Ciudadanas del Ayuntamiento de Ferrol.
- Declaración responsable del cumplimiento de los requisitos para obtener la condición de beneficiario, según el art. 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones.
- Declaración responsable donde se indique que cumple con lo establecido en el art. 14 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones.
- Declaración de otros ingresos o subvenciones que también financien la actividad subvencionada (indicando, si es el caso, importe y procedencia).

b) Documentación complementaria:

- (*)Copia de la tarjeta del NIF de la entidad
- (*)Copia de los estatutos de la entidad

(*) En el caso de que esta documentación ya obre en el órgano gestor de la subvención no será necesario entregarla, excepto que se produjera algún cambio. En caso de no presentar dicha documentación presentará una declaración jurada de que la documentación existente no sufrió ninguna variación.

- Certificado con los siguientes extremos:

- o Acuerdo de solicitud de la subvención por parte de la entidad.
- o Nombramiento del representante para la relación de la entidad con el ayuntamiento.
- o Número de socios activos en la entidad.

o Compromiso de hacer constar la colaboración del Ayuntamiento de Ferrol en toda la publicidad y difusión de las actividades subvencionadas.

- o Compromiso de obtener licencias /autorizaciones preceptivas para el desarrollo de las actividades.

Designación de la cuenta bancaria en la que se efectuarán los ingresos, según las normas establecidas por la Tesorería Municipal:

<https://www.ferrol.gal/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>

Acreditación mediante documentos originales de estar al corriente en sus obligaciones con la Tesorería General de la Seguridad Social, con la AEAT. Con el Ayuntamiento de Ferrol se revisará de oficio por parte de la unidad tramitadora.

Cuadro de valoración (según modelo)

Memorias-actuaciones (según modelo)

Base 7.- Tramitación y valoración de las solicitudes

El Negociado de Promoción Económica, órgano instructor del procedimiento, se encargará de revisar los expedientes de solicitud y verificará que contengan toda la documentación exigida.

En el caso de que la documentación presentada fuese incorrecta o insuficiente, se le dará a la entidad solicitante un plazo de 10 días hábiles para que presente la documentación necesaria o corrija los defectos observados, haciéndole saber que, en caso de incumplimiento se entenderá que desiste de su solicitud, previa resolución que deberá ser dictada en los términos previstos en el art. 21 de la Ley 39/2015.

La comisión de valoración se encargará de la evaluación de las solicitudes de acuerdo con los criterios establecidos en la convocatoria e emitirá un informe en el que se concretará el resultado de la misma.

A estos efectos, la Comisión de valoración estará compuesta por los siguientes miembros:

Presidencia: la concejala delegada del Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Empleo, Promoción Económica, Turismo, Estadística e Edusi o concejal/a en quien delegue.

Vocales:

- o Un representante de cada uno de los grupos municipales del Ayuntamiento de Ferrol.

Asistencia técnica: un técnico municipal de la concejalía de Empleo.

Secretaría de la comisión evaluadora (con voz pero sin voto): personal funcionario del negociado de Promoción Económica.

La valoración de las solicitudes se realizará de conformidad con los siguientes criterios de valoración:

Criterios de valoración	Puntuación máxima (100 puntos)
Número de actividades solicitadas	15
Impacto previsto, % de asociados que esté previsto que participen en las actividades	15
Nivel de cofinanciamiento de la entidad	10
Establecimiento de mecanismos de evaluación de resultados (encuestas de evaluación, formularios web...	5
Desarrollo de actividades relacionadas con la aplicación de nuevas tecnologías a los sectores económicos	15
Coherencia técnica del proyecto: nivel de adecuación entre la programación y los objetivos de la convocatoria (cronograma)	15
Contribución al desarrollo económico sostenible y a la reducción del impacto medioambiental.	5
Grado de innovación y creatividad del proyecto	10
Realización de actividades que fomenten el consumo de productos y/o servicios en pemes locales	10

Cuando una entidad presente varias actividades deberá indicar la prioridad de unas sobre otras.

La inconcreción de la actuación o falta de detalle del gasto de las actividades no será valorada y, por lo tanto, no subvencionable. La entidad beneficiaria deberá asumir un porcentaje mínimo de cofinanciamiento (20%).

Se asignará la puntuación máxima a aquellas solicitudes que presenten la propuesta más elevada de cada uno de los criterios objetivos de valoración y se reducirá proporcionalmente dichas puntuaciones para las propuestas restantes.

La selección de las peticiones y la cuantía de las subvenciones se determinará después de la consideración de las actividades que se van a realizar ponderando los criterios de valoración descritos anteriormente.

Base 8.- Resolución y notificación

La concesión de las subvenciones se realizará mediante el régimen de concurrencia competitiva y será aprobada por resolución de la concejala delegada del Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi tras la formulación de la propuesta de concesión realizada por la unidad administrativa encargada de la instrucción a la vista del informe de la comisión evaluadora.

Las subvenciones concedidas se notificarán a los interesados de conformidad con lo dispuesto en el art. 40 de la Ley 39/2015 y se publicarán en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de Ferrol (en su versión digital y física) así como en la BDNS.

La resolución de concesión pondrá fin a la vía administrativa, para los efectos de interposición de los recursos administrativos que procedan se realizará de conformidad con lo dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.

Base 9.- Justificación y pago

9.1.- Plazo de la justificación

El plazo para la justificación de las subvenciones finalizará el 31 de enero de 2021.

En caso de que la documentación justificativa fuese incorrecta o insuficiente, se dará un plazo de 10 días para subsanar. Transcurrido dicho plazo sin que la entidad interesada atienda el requerimiento, se entenderá que desiste de su petición, dictando resolución que deberá ser notificada a la entidad beneficiaria.

9.2.- Pago anticipado, régimen jurídico

Se realizará el pago anticipado del 50% del importe concedido, que supondrá la entrega de fondos con carácter previo a la justificación como financiación necesaria para poder llevar a cabo las actuaciones inherentes a la subvención.

El 50% restante del importe concedido se abonará tras la justificación total de la subvención, incorporando al ejercicio siguiente el importe pendiente.

El importe a justificar será el 100% del gasto ejecutado (importe de subvención + importe de cofinanciamiento).

En caso de que el importe justificado sea una cantidad inferior a la que se deba justificar, el importe que abonará el Ayuntamiento de Ferrol se establecerá mediante una proporción.

En caso de que se justifique un gasto inferior al 50% en cada una de las actividades subvencionadas, no se considerará cumplida la finalidad básica de la subvención, por lo que no se abonará ninguna cantidad en dichas actividades.

El importe de las subvenciones concedidas, en ningún caso, podrán ser de tal cuantía que, en concurrencia con las subvenciones o ayudas de otras administraciones públicas o entidades privadas, supere el coste de la actividad o inversión realizado por la entidad beneficiaria.

Toda alteración de las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de la subvención, y en todo caso la obtención concurrente de subvenciones de otras administraciones públicas o entidades privadas, podrán dar lugar a la modificación de la resolución de la concesión.

9.3.- Documentación justificativa

Las entidades beneficiarias deberán presentar obligatoriamente la documentación justificativa por medios electrónicos a través de Sede Electrónica del Ayuntamiento de Ferrol: <https://www.ferrol.gal/Sede>

La documentación a presentar será la siguiente:

- Una memoria por cada actividad subvencionada:

o Deberá estar firmada y será justificativa del cumplimiento del objeto de la subvención concedida indicando, cuando menos:

- Las actividades realizadas (fechas, lugares, descripción de las mismas...)
 - Personas beneficiarias
 - Zona de influencia
 - Resultados obtenidos
 - Soporte fotográfico de cada evento.
 - Relación de negocios/empresas participantes en las actuaciones subvencionadas.
 - En caso de formación se entregarán partes de asistencia.
- Facturas originales por el importe total de la subvención concedida, según lo establecido en el artículo 30.3) de la Ley 38/2003 de 17 de noviembre (Ley General de Subvenciones y su Reglamento). Podrá justificarse con copia compulsada siempre que previamente se incluya en el original la siguiente diligencia, firmada por el responsable:

“Diligencia: En cumplimiento de la Ley 38/03 esta factura fue utilizada como justificante del gasto para la obtención de la subvención de Promoción Económica del Ayuntamiento de Ferrol del año 2020. Ferrol Cidade Viva”
 - Justificantes de pago de las facturas o documentos de valor probatorio equivalente en el tráfico jurídico mercantil o con eficacia administrativa (En caso de pago por transferencia bancaria: justificante bancario; en caso de pago por cheque: extracto bancario y copia de la matriz del talón, en caso de transferencia electrónica justificante impreso con el sello de la entidad y el extracto). En todo caso, siempre deberá venir perfectamente identificado el gasto y su correspondencia con la factura o documento de valor probatorio.
 - Relación clasificada de los gastos e inversiones de la actividad, con identificación del acreedor y del documento, su importe, la fecha de emisión, y en su caso, la fecha de pago, de acuerdo con el artículo 75 del RD 887/2006 del Reglamento de la Ley 38/2003 General de subvenciones (LGS). Según (ANEXO I).
 - Declaración responsable sobre la obtención de ayudas para la misma finalidad procedentes de cualquier otra administración pública o de particulares o de entidades privadas (ANEXO II)
 - Designación de una cuenta bancaria en la que se efectuarán los ingresos, según las normas establecidas por la Tesorería Municipal:

<https://www.ferrol.gal/archivos/documentos/solicitudes/DesignacionDeContaBancariaEBaixaDeDatosBancarios.pdf>
 - Certificación de estar al corriente en el cumplimiento de las obligaciones de carácter tributario, de la Seguridad Social y de los tributos municipales. Aquellas subvenciones en las que la cuantía a otorgar a cada beneficiario no supere en la convocatoria el importe de 3.000€ la presentación de declaración responsable podrá substituirse a estas certificaciones.
 - Pruebas del cumplimiento de las obligaciones de publicidad a través de la presentación de documentos gráficos en los que conste la colaboración del Ayuntamiento de Ferrol en toda información (impresa, informática o audiovisual) que se hayan hecho, relacionadas con las actividades subvencionadas.
 - Declaración responsable del cumplimiento de los requisitos para obtener la condición de beneficiario, según el art. 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones y del art. 10 da Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia (ANEXO IV)

Forma de presentación de la documentación justificativa:

La documentación justificativa deberá presentarse de forma organizada

1º.- Documentación genérica:

Declaraciones (anexos II y IV)

Certificaciones de estar al corriente en las obligaciones

Número de cuenta de la entidad (modelo Tesorería municipal)

2º.- Documentación específica:

Para cada actividad subvencionada:

Memoria justificativa (firmada)

Anexo I (relación de facturas, ...)

Facturas o documentos de valor probatorio

Justificantes de pago

Pruebas de cumplimiento de las obligaciones de publicidad

Base 10.- Revocación (pèrdida del derecho al cobro) y procedimiento de reintegro de las subvencines

Se producirá la revocación del acto de concesión válidamente adoptado, con la consiguiente pérdida del derecho al cobro total o parcial de la subvención en el supuesto de falta de justificación o de concurrencia de alguna de las causas de reintegro previstas en el artículo 37 de la Ley 38/2003, General de Subvenciones, así como las que se contemplan en el artículo 30 de la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol.

El procedimiento de reintegro se realizará por lo dispuesto en los artículos 41 y siguientes de la Ley 38/2003 (LGS) y en los art. 91 y siguientes del RD 887/2006, así como en el art. 31 de la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol.

Base 11.- Obligaciones de las entidades beneficiarias

Las obligaciones de las entidades beneficiarias, además de las reguladas en esta convocatoria, las recogidas en la Ley 38/2003, General de subvenciones, en el RDL 887/2006, en la Ley 9/2007, de subvenciones de Galicia y en la Ordenanza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol.

Base 12.- Autorizaciones administrativas

La entidad colaboradora será la encargada de conseguir cualquier tipo de autorización que deba obtener de las administraciones competentes, incluida la municipal, para la realización de las actividades objeto de esta convocatoria y será, así mismo, la única responsable de su cumplimiento.

Base 13.- Uso de la lengua gallega y de un lenguaje no discriminatorio

Las comunicaciones con el Ayuntamiento de Ferrol así como las difusiones relativas al objeto de esta convocatoria deberán realizarse en gallego en cumplimiento de la Ordenanza Municipal de Normalización Lingüística. Igualmente, se utilizará un lenguaje no discriminatorio ni excluyente de género femenino

Base 14.- Recursos e impugnaciones

La presente convocatoria y cuantos actos administrativos se deriven de la misma podrán ser impugnados por los interesados en los términos establecidos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas.

Disposición final

La participación en la convocatoria supodrá la aceptación de estas bases reguladoras específicas.

Será de aplicación, en todo aquello que no se regulase en estas bases, la Ordenza General de Subvenciones del Ayuntamiento de Ferrol (BOP nº 200 de 21 de octubre de 2019) y en su defecto, en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones (BOE n.º 276, de 18 de noviembre de 2003), en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia (DOG» núm. 121, de 25 de junio de 2007), en el Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley General de Subvenciones (BOE n.º 176, de 25 de xulio de 2006) y demás normativa concordante y de pertinente aplicación.

Ferrol, 30 de julio de 2020

La concejala delegada del Área de Economía, Hacienda y Patrimonio, Recursos Humanos, Empleo, Promoción Económica, Turismo, Estadística y Edusi.

Mª Teresa Deus Trasobares

2020/5392